

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES DE NOSA SEÑORA DO ROSARIO PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES E DE CAPITAL DESTINADOS Á REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN E DIVULGATIVAS DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é consciente da necesidade de colaborar de forma conxunta con outras institucións en ámbitos de conservación e protección do noso patrimonio cultural.

A Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, con sede en A Coruña, é unha das trece creadas en España por Real Decreto de 31 de outubro de 1849, rexéndose actualmente polo Decreto 141/2004, de 25 de xuño, polo que se aproban os seus estatutos.

O seu actual regulamento facúltalle, como institución consultiva da Administración, para actuar en todo o relativo á protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras dos bens culturais, segundo o previsto nos artigos 32 da Lei 16/1985, de patrimonio histórico español, e 7.3 a) da Lei 5/2016, de 16 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como promover e realizar estudos de investigación e para o fomento e desenvolvemento das manifestacións artísticas dentro de Galicia.

Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes resaltan o estudo, a salvagarda e promoción das artes e por conseguinte do patrimonio cultural galego. Está composta na actualidade por sete seccións: pintura e gravado, escultura, arquitectura, música, arqueoloxía e museoloxía, artes da imaxe e expertos nas artes. Cada sección conta con Académicos Numerarios, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio que celebran sesións ordinarias de forma mensual, e extraordinarias para asuntos de especial relevancia.

A academia vén executando toda unha serie de actividades, tal como fixan os seus estatutos:

- Información e asesoramento institucional á Xunta de Galicia e organismos públicos sobre patrimonio e bens artísticos, a efectos de catalogación, protección ou adquisición, denuncias ou información pública sobre o estado e conservación do patrimonio de Galicia.
- Organización de cursos, ciclos de conferencias, audicións musicais, concertos e exposicións de belas artes, contando cos seus propios fondos.
- Realizar e publicar investigacións en torno á arte en Galicia, así como catálogos, biografías, dicionarios e calquera outra clase de medios de estudo e difusión que poidan contribuír a enaltecer a riqueza artística de toda orde existente en Galicia.
- Velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance e na forma que requira cada caso.

No ano 1989 creouse o “Arquivo Musical de Galicia”, coa finalidade de contar con un fondo de documentación e información. Así mesmo a partir de 1991, a resulta do incremento dos fondos sobre patrimonio artístico, como varios legados fotográficos, entre os que destaca o do historiador don Manuel Chamoso Lamas, organizouse o “Arquivo de imaxes”, de importante valor para a historia, a investigación e a documentación da arte galega.

*A academia concede como a súa máxima distinción a Medalla de Honor en recoñecemento da labor desenvolvida por persoas ou entidades públicas ou privadas no cultivo, protección e defensa das Belas Artes en Galicia. Tamén outorga a medalla *Marcial del Adalid*, nas súas categorías de ouro e prata, para*



premiar a contribución ao auxe e mantemento artístico da música por corporacións e membros non profesionais das distintas agrupacións de Galicia.

Ademais de publicar catálogos das exposicións realizadas, dos seus arquivos musicais e de imaxes, edita como órgano de difusión a revista corporativa “Abrente”, edición anual onde se informa das actividades académicas, con artigos, investigacións e ensaios sobre as distintas artes. Nos últimos anos foi bastante notable a incorporación de académicos, o que supuxo un importante aumento de material a catalogar e inventariar, supoñendo un maior traballo e esforzo por parte da Real Academia de Belas Artes na súa labor de inventario e rexistro do patrimonio.

Ante isto e tendo en conta a importancia das actividades que realiza a academia, así como a singularidade dos fondos que custodia, estase a tramitar a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, para a realización de actividades de catalogación, conservación, estudo, investigación e divulgación do noso patrimonio cultural.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade achegará a cantidade total de **50.000,00€, dos cales 30.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.41.433A.481.2 e 20.000,00 € que serán imputados á aplicación 10.41.433A.781.3** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario comprométese a dirixir, xestionar e contratar as actuacións precisas para o desenvolvemento das actuacións.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrència pública, xa que no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 aparece unha dotación nominativa a favor da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. Así mesmo, a Real Academia custodia unha serie de fondos artísticos e documentais, en proceso de catalogación, que constitúen un ben único e están dotados dun marcado carácter singular dentro do patrimonio cultural galego, que non se atopan en poder de ningunha outra institución, polo que existen razóns de interese social no tocante á preservación do legado da academia, actuación que se encadra de cheo no ámbito das competencias desta consellería.

En Santiago de Compostela,
A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^{re} Carmen Martínez Ínsua

